





Biblioteca Escolar - IES de Mugardos

Curso 2014-2015

# Abrapalabra*

Biblioboletín número 7

# CLUB DE LECTURA

Como nos cursos anteriores, e desde hai xa seis anos, contaremos cos seguintes clubs de lectura:

**A Boca do Lobo**:

Alumnado de 1.º, 2.º e 3.º ESO.
Coordinadora: Begoña Allegue

**Club de Adultos**:

Resto do alumnado, pais e nais, profesorado e persoal non docente.
Coordinador: Serafín Álvarez.




http://leer.es/

## Especial FAMILIAS

***Biblioteca escolar... matemático!!!*** é o lema elixido este ano para o cartel da campaña de comezos de curso nas bibliotecas escolares galegas. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria continúa así a liña iniciada no curso pasado coa que se pretende incidir na función da biblioteca como apoio ás necesidades das distintas áreas de aprendizaxe.

Nesta ocasión, o lema xoga a salientar o papel imprescindible da biblioteca escolar e, ao tempo, quere lembrar a necesidade de espertar o interese polas **matemáticas**, achegándose a elas de forma natural e incitando a descubrir a súa presenza na natureza e nos obxectos que nos rodean.

# HORA DE LER
# + CONTA COMIGO

Vinte minutos de lectura voluntaria diaria nun sistema rotatorio entre as seis clases da mañá para o alumnado da ESO.

SUMARIO

Textos
*PISA in focus (Nº 10)... Que poden facer os pais para axudar os seus fillos a ter éxito nos centros educativos?*
Información
Cartel "Biblioteca escolar...matemático!!!"
HORA DE LER
Clubs de lectura
Lecturas dos departamentos de lingua

# Que poden facer os pais para axudar os seus fillos a ter éxito nos centros educativos?

- Os estudantes de 15 anos con pais que len decote libros con eles durante o seu primeiro ano de Educación Primaria obteñen puntuacións significativamente máis elevadas nas proba PISA que os estudantes con pais que len con eles con pouca frecuencia ou nunca.
- Esta vantaxe é independente dos antecedentes socioeconómicos da familia.
- A dedicación dos pais aos seus fillos de 15 anos está estreitamente asociada a un mellor rendemento nas probas PISA.

Na súa maioría, os pais saben instintivamente que dedicaren máis tempo aos seus fillos e implicarse de xeito activo na súa educación proporcionaralles unha gran vantaxe na vida. Pero, como moitos pais teñen que facer malabarismos á hora de compatibilizar as demandas do traballo coas do fogar, parece que nunha hai suficiente tempo. Ademais, con frecuencia os pais son reacios a ofrecerlles aos seus fillos axuda coas tarefas escolares porque pensan que lles faltan algunhas habilidades que permitirían influír no éxito dos seus fillos na escola.

A boa nova que obtemos da análises dos datos de PISA é que non fai falta ter un doutorado nin dedicar moitísimas horas diarias para que os pais inflúan nos resultados. De feito, moitas das actividades entre pais e fillos que están asociadas a un maior rendemento na lectura supoñen relativamente moi pouco tempo e ningún coñecemento especializado. Iso si, o que esixen estas actividades é un auténtico interese e implicarse activamente.

### Os estudantes nunca son demasiado maiores para se beneficiaren do interese que teñen os seus pais por eles.

Os resultados de PISA mostran tamén unha forte asociación entre algunhas actividades entre pais e fillos, cando estes teñen 15 anos, e o rendemento na lectura. Por exemplo, falar con eles sobre temas políticos ou sociais xa sexa semanal ou diariamente ten 28 puntos de vantaxe como promedio, sobre aqueloutros que apenas falan destes temas cos seus fillos. (…) Os achados de PISA mostran tamén que outras actividades entre pai fillos como "falar de libros, películas ou programas de televisión", "falar de cómo lles vai na escola", "sentar xuntos á mesa para comer" e "dedicar tempo simplemente a falar cos fillos", están asociadas tamén cun mellor rendemento do estudante na lectura.

En resumo: todos os pais poden axudar aos seus fillos a despregar todo o seu potencial dedicando tempo a falar e a ler con eles, sobre todo e especialmente, cando son moi pequenos. Os profesores, as escolas e os sistemas educativos deben estudar como poden axudarlles aos pais, que están moi ocupados, a desenvolver un papel máis activo na educación dos seus fillos, tanto dentro coma fóra da escola.

FONTE: *PISA in focus* nº10

http://www.oecd.org/pisa/pisaproducts/49460778.pdf

# Lecturas avaliables dos Departamentos de Lingua e Literatura

| Curso | Materia | Lecturas |
|---|---|---|
| **1º ESO** | Galego<br>*Tamén lecturas voluntarias* | **1.ªAval.** R. DALH, *Matilda*. Obradoiro<br>**2.ª Aval.** XABIER DOCAMPO, *O pazo baleiro*<br>**3.ªAval.** FINA CASALDERREY, *Prohibido casar, papá!* |
| | Castelán | **1º Aval.** ROAL DALH, *Las brujas.*<br>**2.º Aval.** LINCOLN CHILD, *Utopía.*<br>**3.º Aval.** R. RIORDAN, *El ladrón del rayo*. |
| **2º ESO** | Galego<br>*Tamén lecturas voluntarias* | **1.º Aval**. Elixir entre:<br>SUSO DE TORO, *Conta saldada*<br>MARINA MAYORAL, *Chamábase Luís*<br>LEDICIA COSTAS, *Unha estrela no vento*<br>Lectura na clase: N.SINGALA,*O achado do castro*<br>**2º Aval** ROSA NAVARRO, *A Odisea contada aos nenos.*<br>**3º Aval.** Elixir entre:<br>AGUSTÍN F. PAZ, *Corredores de sombras*<br>SIERRA I FABRA, *Chamando ás*<br>MICHAEL ENDE, *Momo.* |
| | Castelán | **1.º Aval.** G.G.MÁRQUEZ, *Relato de un náufrago.*<br>**2.º Aval.** Elixir entre:<br>MARC LEVY, *Ojalá fuera cierto*<br>U. POZNANSKI, *Erebos*<br>**3.º Aval.** Elixir entre:<br>J. GREEN, *Bajo la misma estrella.*<br>J. BONANSINGA, *El asesino del hielo* |
| **3º ESO** | Galego<br>*Elixir unha ou varias por trimestre* | De MARCOS CALVEIRO:*O pintor do sombreiro de malvas; Todos somos;Centauros do norte*.<br>De LEDICIA COSTAS: *Unha estrela no vento; O corazón de Xúpiter;Recinto Gris.*<br>De AGUSTÍN F. PAZ: *Aire negro; Corredores de sombra; Noite de voraces sombras.*<br>De GEMMA LIENAS: *O diario vermello de Carlota; O diario violeta de Carlota*<br>ANDREU MARTÍN e JAUME RIBERA:<br>*O diario vermello de Flanagan* |
| | Castelán | Sen determinar |
| **4º ESO** | Galego<br>*Un título por avaliación* | **1.º Aval.** CASTELAO, *Retrincos*<br>ou *Os vellos non deben de namorarse*<br>É obrigado ler tamén:<br>BLANCO AMOR, *A esmorga*<br>**2º Aval.**<br>CUNQUEIRO, *Escola de menciñeiros*<br>C.E.FERREIRO, *Longa noite de pedra*<br>NEIRA VILAS, *Memorias dun neno labrego*<br>CALVEIRO, *O pintor do sombreiro de malvas*<br>**3º Aval**.<br>MIRANDA, Xosé, *Morning Star*<br>NÚÑEZ SINGALA, *Comedia bífida* |
| | Castelán<br>*Tamén lecturas voluntarias* | **1.º Aval.** BÉCQUER, *Rimas y leyendas.*<br>**2º Aval.** SIERRA I FABRA, *La piel de la memoria.*<br>**3º Aval.** PONCELA, *Cuatro corazones con freno y marcha atrás.* |
| **1º BAC** | Galego<br>*Un título por avaliación* | ANEIROS, *Resistencia*<br>P. FEIJOO, Os fillos do mar<br>P. FEIJOO, *A memoria da choiva*<br>X. MIRANDA, *Morning Star*<br>C. REIGOSA, *Pepa a Loba*<br>M. REIMÓNDEZ, *O club da calceta*<br>M. RIVAS, *Todo é silencio*<br>RIVEIRO COELLO, *Laura no deserto*<br>RIVEIRO COELLO, *As rulas de Bakunin*<br>D. VILLAR, *A praia dos afogados*<br>D. VILLAR, *Ollos de auga* |
| | Castelán | **1. ªAval.** F. DE ROJAS, *La Celestina*.<br>**2. ªAval.** *El lazarillo de Tormes*.<br>**3. ªAval.** CERVANTES, *El Quijote*<br>(selección de capítulos e textos) |
| **2º BAC** | Galego<br>*Un título por avaliación.* | BORRAZÁS, *Arte e parte*<br>CASARES, *O sol do verán*<br>CLAUDEL, *A neta do señor Linh*<br>P. FEIJOO, *Os fillos do mar*<br>FERNÁNDEZ FERREIRO, Agosto do 36<br>MURADO, *Fin de século en Palestina*<br>PORTAS, *Faneca brava*<br>M.X. QUEIZÁN, *Amor de tango*<br>C. REIGOSA, *Pepa a Loba*<br>M. REIMÓNDEZ, *O club da calceta*<br>RISCO, *O porco de pé*<br>RIVEIRO COELLO, *As rulas de Bakunin*<br>VIDAL BOLAÑO, R. *Saxo tenor* |
| | Castelán | **1º Aval.** A.MUÑOZ MOLINA, *Plenilunio*<br>**2º Aval.** A. MACHADO, *Campos de Castilla*<br>A.BUERO VALLEJO, *La Fundación*<br>**3.ªAval** G. GARCÍA MÁRQUEZ, *Crónica de una muerte anunciada* |

| | |
|---|---|
| **Latín**<br>(2.º BAC.) | LIVIO, I, 56, 4-60.<br>TÁCITO, "Agrícola", 29-38.<br>OVIDIO, "Metamorfoses", I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.<br>CATULO, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85,70, 8, 11.<br>PLAUTO, "Cistellaria" ou "Miles gloriosus". Esta lectura pode ser substituída pola película "Golfus de Roma". |

| | |
|---|---|
| **Grego** | 1.º BAC. HOMERO, *A Odisea*<br>2.º BAC. HOMERO, *Iíada.* Cantos I, Vi, XVI, XXII |

| | |
|---|---|
| **Cultura clásica**<br>(4.º ESO) | *2 relatos de la Ilíada y la Odisea.* Adap. MICHEL LAPORTE<br>*12 historias y leyendas de Roma.*Adap. M. LAPORTE<br>*16 metamorfosis de Ovidio.*Adap. F. ROCHMUHL<br>G. MCCOUGHREAN – ROSSS. *Las profecías de la sibila. Diana y Orión*<br>M. ANGELIDOU, *Mitos griegos.*<br>M. CAPELLÁ, *Narraciones de mitos clásicos.*<br>Varios títulos da colección "El sendero de los mitos" |

| | |
|---|---|
| **Literatura Universal**<br>(2.º BAC.) | **1.º Aval.** SHAKESPEARE, *Hamlet.*<br>**2º Aval.** MATY SHELLEY, Frankestein ou o moderno Prometeo.<br>**3º Aval.** STEFAN ZWEIG, *Novela de xadrez.*<br>F. PESSOA, *Poemas de Alberto Caeiro.* |

| | |
|---|---|
| **Filosofía**<br>(BAC.) | Lecturas recomendadas:<br>JEAN AUEL, El Clan del Oso Cavernario<br>Lectura obrigatoria: A Introdución do libro "Memoria del Logos", de EMILIO LLEDÓ. |